



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H

## **ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO**

**Lugar:** casa do concello

**Día:** 19 de novembro de 2015

**Hora de comezo:** 13.00 h

**Hora de remate:** 13.30 h

### **ASISTENTES:**

Don Manuel Fernández Munín  
Dona M<sup>a</sup> Carmen Botana Cebeiro  
Don Jesús Sanjuás Mera

### **AUSENTES:**

Don Ovidio Rodeiro Tato

No salón de sesións da casa do concello presidindo o concelleiro, don Jesús Sanjuás Mera, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DIA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Concesión de axudas por emerxencia social**
- 3. Concesión altas no SAF por libre concorrencia**
- 4. Aprobación e aboamento facturas taxi e transporte de alimentos**
- 5. Aprobación convenio colaboración con dona Ruth xxxxx**
- 6. Dar conta das altas / baixas no SAF**
- 7. Ratificación Decreto do 9 de novembro do 2015**
- 8. Arquivo expediente de limpeza de leira número 430, polígono 45 de Ponteledesma e aprobación e aboamento factura limpeza da leira**
- 9. Aprobación facturas**
- 10. Liquidación gastos “deseñando o teu futuro”**
- 11. Aprobación convenio para exposición de reproducións do arquivo histórico nacional**
- 12. Retirada autorización, cambio de ubicación de posto autorizado e instalación de novos postos para a venda ambulante na feira- mercado de Lestedo**
- 13. Inicio expediente do Plan de Vixilancia e Control Ambiental do vertedoiro do Alto de Rubio, en Lamas**
- 14. Rogos e preguntas**

## DELIBERACIÓNS

### 1. - Aprobación da acta anterior

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar a acta da sesión da Xunta de Goberno que tivo lugar o día 5 de novembro do 2015

### 2. Concesión de axudas por emerxencia social

Concesión de dúas axudas por emerxencia social

### 3. Concesión altas no SAF por libre concorrancia

Concesión de alta no SAF por libre concorrancia.

### 4. Aprobación e aboamento facturas taxi e transporte de alimentos

A) O día 17 de novembro de 2015, co número 15/2182, tivo entrada neste concello, a factura correspondente ó gasto ocasionado polo servizo de taxi para recollida de alimentos procedentes da (“Cruz Roja”). Os quilómetros percorridos entre as distintas parroquias do concello, ata Camporrapado, foron realizados por Xosé M. xxxxx (taxi nº 2 de Boqueixón). Este gasto, ocasionado polo servizo de taxi, farase con cargo á subvención de emerxencia social da Deputación da Coruña, que recibe o departamento de Servizos Sociais para este concepto.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a factura núm. 05/15, con rexistro de entrada núm. 15/2182, a nome de Xosé M. xxxxx, co xxxxx (taxi número 2 ), polo concepto de servizo de taxi para recollida de alimentos, procedentes da (“Cruz Roja”) o 11/11/2015. Os quilómetros percorridos entre as parroquias de Lestedo, Vigo, lugar de Rebordaos ata Camporrapado, ocasionaron un gasto, **por importe de 68,20 €.**
2. Aprobar o pagamento da mencionada factura, que se fará con cargo á subvención de emerxencia social da Deputación da Coruña.
3. Dar traslado deste acordo a Intervención para o seu coñecemento e efectos.

B) O día 10 de novembro de 2015, co núm. 15/2138, tivo entrada no rexistro deste concello a factura correspondente ó gasto ocasionado polo transporte de alimentos (“Cruz Roja”) desde A Coruña ata Boqueixón, realizado pola empresa “GALITRANS-96, SL”. Este gasto, ocasionado polo transporte, farase con cargo á subvención de emerxencia social da Deputación da Coruña.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a factura número CR 09/15 e con rexistro de entrada número 15/2138 da empresa “GALITRANS-96, S.L.” polo concepto de transporte de alimentos (“Cruz Roja”) desde A Coruña ata Boqueixón, **por importe de 363 €.**
2. Aprobar o pagamento da mencionada factura, que se fará con cargo á subvención de emerxencia social da Deputación da Coruña.
3. Dar traslado deste acordo a Intervención para o seu coñecemento e efectos.

## **5.Aprobación convenio colaboración con dona Ruth xxxxx**

Dende Servizos Sociais obsérvase dende hai uns anos que existen nenos e nenas deste concello con dificultades de aprendizaxe e /ou diagnosticados con algún trastorno infantil. Co obxecto de evitar posibles situacións de exclusión social e tras varias conversas con dona Ruth xxxxx, mestra de educación especial e doutora en Pedagogía terapéutica, xurde a posibilidade de coordinar un programa de Apoio Educativo para estes nenos con dificultades educativas e de aprendizaxe.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar o convenio de colaboración asinado entre Ruth xxxxx e este concello

### **CONVENIO DE COLABORACION ENTRE RUTH xxxxx E O CONCELLO DE BOQUEIXÓN**

En Boqueixón, 20 novembro de 2015

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, D<sup>a</sup> Ruth xxxxx como doctora de Pedagogía Terapéutica

Doutra, D. Ovidio Rodeiro Tato alcalde do Concello de Boqueixón

Ambas partes recoñécense con capacidade suficiente para establecer e asinar este convenio de colaboración e

#### **EXPOÑEN**

1.- Que Servizos Sociais levará a cabo un programa de Apoio educativo os martes e xoves de 16,30 a 18 horas na casa do Concello durante un periodo de 8 meses. Dende o mes de novembro de 2015 a xuño do 2016 (periodo escolar), coa posibilidade de exténdelo ata decembro 2016 pola subvención da Deputación da Coruña.

2.-Que o programa está coordinado por Ruth xxxxx cunha carreira de 43 anos traballando con nen@s con dificultades de aprendizaxe. A educadora familiar levará o seguemento do mesmo.

3.- Que o obxectivo deste programa é proporcionar un asesoramento e apoio aos pais tras unha observación dos nenos e das nenas para mellorar as súas capacidades de comprensión, aprendizaxe e conducta, traballando os aspectos que dificultan a adquisición de habilidades mediante a aplicación de pautas educativas. Tamén entrenar a estes nen@s nas habilidades socioeducativas que carecen. É complementario ó programa de educación familiar.

Dada a confluencia de intereses por ambas partes, establecen o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

## CLÁUSULAS

1.- Ruth xxxxx comprométese a levar a cabo o programa Apoio educativo xunto cun pedagogo e unha psicóloga . A duración será de novembro de 2015 a xuño 2016, o que resulta de 8 meses de duración coa posibilidade de extendelo ata decembro.

2.- O programa desenvolverase na casa do concello os martes e xoves de 16,30 a 18.

3.- Poderán participar nenos e nenas de Boqueixón que posúan un diagnóstico médico definido ou menores que presenten dificultades de aprendizaxe referidos nos centros escolares ou na propia familia. Este programa daralle prioridade ás familias usuarias deste servizo e/ou familias con dificultades na súa economía familiar ou outras características valoradas polos técnicos de servizos sociais. Será de carácter gratuíto.

O número total de participantes non será superior a 8 menores. Todos eles cubrirán unha ficha de inscrición firmada pola nai/pai ou titor

4.- O gasto do programa será o seguinte

|   |                           |
|---|---------------------------|
| MATERIAL INICIAL (Carpetas, lapis, bolígrafos, gomas, afilas) | 13,85<br>€                |
| PROFESORA EN EDUCACIÓN ESPECIAL :RUTH                         | 0 €                       |
| PSICÓLOGA (Colaboración no programa)                          | 100€/MESx8 meses          |
| PEDAGOGO (colaboración no programa e gasto kilometraxe)       | 100€+45,60€/mes x 8 meses |
| GASTO MENSUAL   | 245,60 €                  |
| GASTO TOTAL   | 1.978,65 €                |

Este gasto sera financiado polo Concello de Boqueixón e pola Excma. Deputación da Coruña na convocatoria que saíra neste mes de Novembro para actividades do ano 2016, dentro da subvención FOAXCA.

De conformidade con canto antecede ambas partes asinan por duplicado este convenio no lugar e data do encabezamento

A Coordinadora do programa

Por parte do Concello de Boqueixón

Ruth xxxxx

D.Ovidio Rodeiro Tato

O Alcalde

### 6.Dar conta das altas / baixas no SAF

Dáse conta das altas e baixas no SAF

## **7.Ratificación Decreto do 9 de novembro do 2015**

Por unanimidade dos asistentes acórdase ratificar o decreto de data 9 de novembro do 2015, que a continuación se transcribe literalmente:

*“Na Xunta de Goberno que tivo lugar o día 5 de novembro de 2015 acordouse solicitar subvención á Secretaría Xeral de Igualdade , respecto do programa de apoio ó CIM. Por erro no apartado 5, memoria descritiva do funcionamento do CIM anexo IV, cando se fai referencia ó número de usuarias en situación de vulnerabilidade, con atención individualizada período 1-12-2014 ata o 30-11-2015 figuran 20 usuarias, cando o número de usuarias que deben figurar é de 40 usuarias.*

*Polo exposto RESOLVO:*

*1.- Corrixir o erro existente no senso de que o número de usuarias en situación de vulnerabilidade, con atención individualizada período 1-12-2014 ata o 30-11-2015 é de 40 usuarias (Anexo IV.1).*

*2.- Dar traslado deste acordo á próxima Xunta de Goberno para a súa ratificación”.*

## **8.Arquivo expediente de limpeza de leira número 430, polígono 45 de Ponteledesma e aprobación e aboamento factura limpeza da leira**

O 27 de maio de 2015 co número de entrada 15/1030, don Jesús xxxxx, con domicilio en Ponte Ledesma número 2, presenta escrito solicitando a limpeza da leira de monte, propiedade de dona Esclavitud xxxxx e don Manuel xxxxx, que está preto da súa vivenda, posto que está sen limpar hai máis de cinco anos, con toxos grandes e que é un perigo en caso de incendio.

Na Xunta de Goberno do 4 de xuño do 2015 acordouse requirir a dona Esclavitud xxxxx e don Manuel xxxxx para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza da leira ata gardar unha distancia de 50 metros perimetrais libres de maleza respecto da vivenda de don Jesús xxxxx.

Na Xunta de Goberno do 16 de xullo do 2015 acordouse iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder limpeza de maleza na leira número 430, polígono 45, do lugar de xxxxx, Ponte Ledesma, propiedade de dona Esclavitud xxxxx e don Manuel xxxxx, ata gardar as distancias sinaladas no artigo 21 da citada Lei 3/ 2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Na Xunta de Goberno do 1 de outubro do 2015 acordouse proceder coa execución subsidiaria e en consecuencia coa limpeza de maleza na leira número 430, polígono 45, do lugar de xxxxx, Ponte Ledesma, propiedade de dona Esclavitud xxxxx e don Manuel xxxxx, ata gardar as distancias sinaladas no artigo 21 da citada Lei 3/ 2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Así mesmo e según informe económico, de data 28 de setembro de 2015, tendo en conta que se modifica a descrición dos traballos de custo de tractor con operario para carga de

maleza e horas de desbrozadora manual, posto que a leira ten zonas coa maleza cortada, pero amontoada, a valoración dos traballos de limpeza ascenden a un total de 193,6 euros, que terán que ser aboados polos propietarios da citada leira, dona Esclavitud xxxxx e don Manuel xxxxx .

O 13 de outubro do 2015 co número de entrada 15/1964 don Manuel xxxxx, en calidade de propietario, autoriza ó concello de Boqueixón a entrar na leira número 430, polígono 45 e proceder coa limpeza de maleza existente e comunica que ingresará na conta do concello o importe de 193,6 € en concepto de aboamento trabalbs de limpeza.

Dita contía é ingresada na conta do concello o día 14 de outubro do 2015.

Según informe técnico do día 5 de novembro de 2015 *“Feita inspección técnica no lugar de Ponte Ledesma, compróbase que na leira número 430, polígono 45, propiedade de don Manuel xxxxx e dona Esclavitud xxxxx, dedicada a monte procedeuse coa limpeza de maleza e retirada de biomasa vexetal, tal e como se acredita na reportaxe fotográfica que se acompaña.”*

Adxúntase reportaxe fotográfica.

O día 5 de novembro do 2015 co número de entrada 15/2108, Cruceiro-Servizo e axuda agrícola forestal, presenta a factura número 125, en concepto de ” traballos de limpeza, desbroce e retirada de madeira na leira número 430, polígono 45 de Ponteledesma”. O importe ascende a un total de 193,60 euros.

Por todo o exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a factura presentada por Cruceiro-Servizo e axuda agrícola forestal número 125, en concepto de ” traballos de limpeza, desbroce e retirada de madeira na leira número 430, polígono 45 de Ponteledesma”, por importe total de 193,60 euros e proceder co seu aboamento.
2. Arquivar o expediente de limpeza da leira número 430, polígono 45 de Ponteledesma, por proceder o concello mediante execución subsidiaria cos traballos de limpeza de maleza ata gardar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de 9 de abril en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia
3. Dar traslado deste acordo os interesados e así mesmo o departamento de Tesourería-Intervención.

## **9.Aprobación facturas**

A.- Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de **54.168,22** euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

|    | NOME                                   | TEXTO EXPLICATIVO                                 | PROGR. | ECON.        | IMPORTE                |
|----|--|---|--------|--------------|------------------------|
| 1  | ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.          | ASISTENCIA TÉCNICO - URBANÍSTICA<br>OUTUBRO       | 151    | 22706        | 1.917,85 €             |
| 2  | MONTAXES ELECTRICOS FERNANDEZ,<br>S.L. | MANTEMENTO ALUMEADO PÚBLICO<br>SETEMBRO           | 151    | 22706        | 3.771,17 €             |
| 3  | MONTAXES ELECTRICOS FERNANDEZ,<br>S.L. | MATEMENTO ALUMEADO PÚBLICO OUTUBRO                | 151    | 22706        | 3.771,17 €             |
| 4  | SOC. EST. CORREOS Y TELEGRAFOS, S.A.   | SERVIZO CORREOS MES DE OUTUBRO                    | 920    | 22201        | 268,40 €               |
| 5  | SOCIEDAD DE PREV. DE FREMAP S.L.U.     | SERVIZO DE PREVENCIÓN 01/11/2015 A<br>31/0/2016   | 920    | 22799        | 506,67 €               |
| 6  | TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.             | CONSUMO FUSIÓN (FAX E MÓBILES) 18/09 -<br>17/10   | 920    | 22200        | 408,46 €               |
| 7  | TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.             | CONSUMO ALARMA 981513189 18/09 - 17/10            | 920    | 22200        | 42,98 €                |
| 8  | TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.             | CONSUMO 981513248 CORREOS 18/09 - 17/10           | 920    | 22200        | 26,21 €                |
| 9  | TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.             | CONSUMO 981502191 L. S./GARDERIA 18/09 -<br>17/10 | 920    | 22200        | 47,73 €                |
| 10 | TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.             | CONSUMO CENTRALIÑA 981513061 - 18/09 -<br>17/10   | 920    | 22200        | 484,53 €               |
| 11 | TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.             | CONSUMO P CIVIL 981513434 18/09 - 17/10           | 920    | 22200        | 30,75 €                |
| 12 | TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.        | OUTROS GASTOS MÓVILES MES AGOSTO                  | 920    | 22200        | 10,06 €                |
|    |  |   |        | <b>TOTAL</b> | <b>11.285,98<br/>€</b> |

Aprobación de facturas pendiente de pago:

|    | NOME                              | TEXTO EXPLICATIVO                            | PROGR. | ECON. | IMPORTE     |
|----|-----------------------------------|--|--------|-------|-------------|
| 1  | ANTONIO PENA, S.L.                | CONTRATO MANTEMENTO INST.<br>CALEFACCIONES   | 920    | 21200 | 3.500,00 €  |
| 2  | ASCENSORES ENOR, S.A.             | MANTEMENTO ASCENSORES MES DE<br>NOVIEMBRE    | 920    | 21300 | 76,23 €     |
| 3  | ATENDO CALIDADE, S.L.             | SAF DEPENDENCIA OUTUBRO                      | 231    | 22799 | 23.793,91 € |
| 4  | ATENDO CALIDADE, S.L.             | SAF LIBRE CONCURRENCIA OUTUBRO               | 231    | 22799 | 2.068,80 €  |
| 5  | AUTOELECTRICO SERGUDE, S.C.       | CAMBIO DE BATERIA TRACTOR E3799BFV           | 163    | 21300 | 259,13 €    |
| 6  | AUTOELECTRICO SERGUDE, S.C.       | FARO DE TRABAJO E LAMP. ROT. CAMIÓN<br>LIXO  | 1621   | 21300 | 107,61 €    |
| 7  | BOTANA GRANJA, MANUEL             | COPIA DE CHAVES E BOTAS                      | 920    | 21200 | 50,70 €     |
| 8  | CAEIRO VILAR, ANSELMO             | LIQUIDACIÓN DE GASTOS                        | 920    | 23020 | 106,80 €    |
| 9  | CALVO SUAREZ, MATILDE             | SERVIZO TERAPIA OCUPACIONAL OUTUBRO          | 231    | 22799 | 538,65 €    |
| 10 | CIDE HCENERGIA, S.A.              | CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO                     | 165    | 22100 | 76,01 €     |
| 11 | CIDE HCENERGIA, S.A.              | CONSUMO ALUMEADO PÚBL. SEGÚN REX.<br>15/2140 | 165    | 22100 | 3.080,92 €  |
| 12 | CIDE HCENERGIA, S.A.              | CONSUMO ALUMEADO PÚBL. SEGÚN REX.<br>15/2141 | 165    | 22100 | 1.020,37 €  |
| 13 | CIDE HCENERGIA, S.A.              | CONSUMO ALUMEADO PÚBL. SEGUN REX.<br>15/2187 | 165    | 22100 | 1.003,22 €  |
| 14 | COLLANTES VIEIRO, BENJAMIN        | MATERIAL OFICINA                             | 920    | 22000 | 63,59 €     |
| 15 | COMERCIAL SÁNCHEZ Y TORRES SC     | REPARACIONS RIDER                            | 171    | 21300 | 67,41 €     |
| 16 | COMPOSTELA DIGITAL S.L.           | TONER FAX                                    | 920    | 22000 | 86,37 €     |
| 17 | COMPOSTELA DIGITAL S.L.           | TONER XULGADO DE PAZ                         | 920    | 22000 | 122,88 €    |
| 18 | HERMANOS VILLAR, S.L.             | CASQUILLOS E MARTILLOS DESBROZADORA          | 163    | 21300 | 822,74 €    |
| 19 | JESÚS PEREIRA SANTOS - CONGELADOS | TIRAS DE COSTILLAS BOQUEISONS                | 924    | 22601 | 247,50 €    |
| 20 | MARBE HISPANIA, S.L.              | CEMENTO PARA OBRAS VARIAS                    | 1532   | 21200 | 1.346,77 €  |
| 21 | RENDO FACORRO, MARIA LUISA        | TUBOS E CEMENTO OBRA EN LAMAS                | 1532   | 21200 | 231,16 €    |
| 22 | RENDO FACORRO, MARIA LUISA        | BORDILLO BEIRARRÚAS LESTEDO                  | 1532   | 21200 | 282,54 €    |
| 23 | RENDO FACORRO, MARIA LUISA        | VARILLAS E CANALIZACIÓN ELÉCTRICA            | 1532   | 21200 | 176,93 €    |
| 24 | RENDO FACORRO, MARIA LUISA        | CEMENTO BEIRARRÚAS LESTEDO                   | 1532   | 21200 | 244,78 €    |

|    |                            |                          |      |              |                    |
|----|----------------------------|--------------------------|------|--------------|--------------------|
| 25 | RODEIRO TATO, OVIDIO       | LIQUIDACIÓN DE GASTOS    | 920  | 23020        | 73,17 €            |
| 26 | TALLERES SANCHEZ REY, S.C. | REPARACION DESBROZADORAS | 163  | 21300        | 425,41 €           |
| 27 | TETIANA ANDRIUSHKO         | LIQUIDACIÓN DE GASTOS    | 920  | 23020        | 25,00 €            |
| 28 | ULLA OIL, S.L.             | GASOIL DEPOSITOS         | 1621 | 21200        | 2.983,64 €         |
|    |                            |                          |      | <b>TOTAL</b> | <b>42.882,24 €</b> |

#### B.- Aprobación de facturas do Obradoiro de Emprego

A continuación a Xunta de Goberno aproba as facturas xeradas polas obras que se están a facer no obradoiro de emprego por importe de 1.793,12 euros ( suma do módulo B + achega concello) e que a continuación se desagregan nos seguintes listados:

Importe subvención módulo B: 17.664,00 euros

Importe que resta de subvención descontando o total do gasto realizado: 10.480,69 euros

| NÚM. | PROVEEDOR  | PARTIDA      | IMPORTE         |
|------|--|--------------|-----------------|
| 1    | FOGA - ALUGUER FOTOCOPIADORA/ IMPRESORA MES DE OUTUBRO | 241.212.00   | 206,28 €        |
| 2    | EL SOL, DROGUERIA – FERRETERÍA – VARIOS DE FERRAXERÍA  | 241.212.00   | 43,50 €         |
|      |  | <b>TOTAL</b> | <b>249,78 €</b> |

Importe subvención achega concello: 30.255,25 euros

Importe que resta de subvención descontando o total do gasto realizado: 23.508,60 euros

| NÚM. | PROVEEDOR   | PARTIDA      | IMPORTE           |
|------|---|--------------|-------------------|
| 1    | ALMACENES REDONDO – MATERIAL DIDÁCTICO PARA FORMACIÓN | 1532.212.00  | 1.110,51 €        |
| 2    | GASÓLEOS S. BENITO, SL – COMBUSTIBLES VARIOS          | 1532.212.00  | 432,83 €          |
|      |   | <b>TOTAL</b> | <b>1.543,34 €</b> |

### 10.Liquidación gastos “deseñando o teu futuro”

Con data do 11 de maio de 2015, e con rexistro de entrada na Xunta de Galicia núm. 2015/128585, presentouse no rexistro telemático solicitude do programa Deseñando o teu futuro regulado pola ORDE do 27 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases do programa Deseñando o teu futuro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.

Con data do 09 de xullo de 2015, a OMIX Boqueixón a través do seu correo electrónico teufuturo.ctb@xunta.es recibe comunicación da Resolución da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado do 8 de xullo dos beneficiarios do Programa Deseñando o teu futuro (podendo consultar a lista definitiva da mesma na páxina <http://xuventude.xunta.es/>), polo que se concede unha axuda económica por importe de 5.700 euros, destinados a cubrir os conceptos establecidos no artigo 5 da Orde de convocatoria.

Por Decreto de alcaldía do 16 de xullo de 2015 foi aceptada a axuda concedida para o proxecto así como solicitado o pagamento anticipado do gasto segundo o artigo 16.2 da Orde de convocatoria.

Con data do 20 de xullo comezaron a realizar as prácticas os mozos e mozas nas empresas de acollida, tal e como se indica na táboa que adxunta.



Para o desenvolvemento das estadias-visitas varias mozas participantes requiriron vestuario que compraron as mozas persoalmente, presentando unha liquidación de gastos cos correspondentes xustificantes de pago.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

Realizar o pago dos gastos que acreditan ás mozas beneficiarias que finalizaron as estadias-visitas nas empresas de acollida durante o período de estancia, tal e como segue na seguinte táboa:

| NOME E APELIDOS MOZO/A | NIF   | NÚM CONTA BANCARIA | DATAS DE REALIZACIÓN DA ESTADÍA-VISITA | CONCEPTO  | IMPORTE TOTAL  |
|------------------------|-------|--------------------|--|---|----------------|
| Noelia xxxxx           | xxxxx | xxxxx<br>SANTANDER | 03/08/2015 Ó<br>21/08/2015             | Adquisición de bata para realizar as estadias-visitas na empresa PAC Veterinario SLP.   | 15,90 €        |
| Paula xxxxx            | xxxxx | xxxxx<br>ABANCA    | 03/08/2015 ó<br>07/08/2015             | Adquisición de 2 batas para realizar as estadias-visitas na empresa clínica dental Lamela y Rey de Paula e de Alba Ferreiro Rendo | 20,00€         |
| Tamara xxxxx           | xxxxx | xxxxx              | 03/08/2015 ó<br>14/08/2015             | Adquisición de bata para realizar as estadias-visitas na empresa farmacia de O Forte  | 13,01 €        |
| <b>Total axuda</b>     |       |                    |  |   | <b>48,91 €</b> |

## **11.Aprobación convenio para exposición de reproducións do arquivo histórico nacional**

A Capela de San Sebastián do Pico Sacro é un recurso cultural e histórico moi destacable do Concello de Boqueixón, non só a nivel arquitectónico senón tamén por atoparse inmersa e relacionada con todos os acontecementos históricos e lexendarios do Pico Sacro.

Tras realizar un traballo de búsqueda minuciosa de documentación que acreditase a orixe e o percorrido histórico de dita capela, consta a existencia de 3 documentos (pergaminos) que versan sobre o Mosteiro de San Sebastián no arquivo Histórico Nacional.

Tendo en conta que o concello de Boqueixón ten como obxectivo poñer en valor, dar a coñecer e potenciar todo este patrimonio cultural e histórico deste municipio, plantéxase como unha acción importante reunir este material museístico cunha finalizade expositiva e de divulgación.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar o convenio estandarizado do Arquivo Histórico Nacional que se transcribe a continuación:

## REUNIDOS

Dunha parte: Don Miguel Ángel Recio Crespo, Director Xeral de Belas Artes e Bens Culturais e de Arquivos e Bibliotecas, en virtude do Real Decreto 855/2014, do 3 de outubro de 2014 (BOE do 4 de outubro), no exercicio das súas competencias, conforme se dispón na Orden ECD/465/2012, de 2 de marzo, de delegación de competencias do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (BOE do 9 de marzo de 2012, [en adiante, o CEDENTE/ AUTORIZANTE].

E da outra: Don Ovidio Rodeiro Tato, con nº de DNI xxxxx, como alcalde do concello de Boqueixón, institución á que representa, con sede en O Forte, s/n, 15881 Boqueixón, A Coruña, denominarase AUTORIZADO.

## EXPOÑEN

1.- Que o autorizado, está interesado en expoñer as reproducións de documentos que se describen a continuación para que figuren na exposición denominada “Historia do Mosteiro de San Sebastián do Pico Sacro” que se exhibirá no Centro de Interpretación do Pico Sacro no 2016, en data aínda por determinar.

2.- Que o Arquivo Histórico Nacional é un Centro dependente do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a través da Dirección Xeral de Belas Artes e Bens Culturais e de Arquivos e Bibliotecas, e que o citado Ministerio está disposto a conceder o permiso necesario para a súa publicación dada a relevancia cultural que isto conleva.

E na súa virtude, ambas partes se recoñecen mutuamente capacidade para suscribir o presente convenio baseado nas seguintes

## ESTIPULACIÓNS

**Primeira.-** O AUTORIZANTE autoriza ó AUTORIZADO para que poida expoñer as reproducións de documentos que se conservan no Arquivo Histórico Nacional, que se describen a continuación, co obxecto de que figuren na citada exposición:

AHN. CLERO-SECULAR REGULAR,Car.511,N.15. Sisnando, bispo de Santiago, dota ó Mosteiro de San Sebastián do Pico Sacro, fundado por el e encarga ós presbíteros Nantemiro e Leodulfo reunir ós monxes necesarios para dar inicio á vida monástica.

AHN. CLERO-SECULAR REGULAR,Car.511,N.16. Narración da historia do Mosteiro de San Sebastián dende a súa fundación ata o momento da redacción do documento.

AHN. CLERO-SECULAR REGULAR,Car.511,N.17. AlfonsoVI, co consello do seu xenro o conde don Ramón e a petición do seu abade Velasco, concede o privilexio de coto ó Mosteiro de San Sebastián de Montesacro, marcando os termos sinalados polos vicarios reais Antolín e Fernando e eximíndolle da xurisdición real.

**Segunda.-** O AUTORIZADO comprométese a non facer ningún outro uso de esa reprodución excepto para o catálogo da exposición ou medios de difusión da mesma.

**Terceira.-** O AUTORIZADO comprométese a que tanto nas referencias bibliográficas como na exposición figure a procedencia dos documentos da seguinte forma:

España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Archivo Histórico Nacional.  
AHN. CLERO-SECULAR REGULAR,Car.511,N.15

España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Archivo Histórico Nacional.  
AHN. CLERO-SECULAR REGULAR,Car.511,N.16

España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Archivo Histórico Nacional.  
AHN. CLERO-SECULAR REGULAR,Car.511,N.17

**Cuarta.-** O AUTORIZADO aboará pola reprodución solicitada o importe de 30 euros no concepto de cesión de seis imaxes en alta resolución a 300 ppp para fins culturais e educativos non venais, segundo o disposto na Orden cUL/1077/2011, de 25 de abril. O AUTORIZADO comprométese a enviar á Subdirección Xeral de Arquivos Estatais dous exemplares do catálogo que se puidera chegar a publicar, e información de calquera outro exemplar que puidera realizarse para difusión nas que aparece a reprodución do documento.

**Quinta.-** Para todas as dúbidas e incidencias que poidan xurdir da interpretación do presente convenio serán competentes os Xulgados e Tribunais de Madrid, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidera corresponder.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio por triplicado no lugar e data indicado ut supra.

O AUTORIZANTE

O AUTORIZADO

Miguel Ángel Recio Crespo

Ovidio Rodeiro Tato

2.- Comunicar este acordo ó Archivo Histórico Nacional.

## **12.Retirada autorización, cambio de ubicación de posto autorizado e instalación de novos postos para a venda ambulante na feira- mercado de Lestedo**

Mediante decreto de alcaldía de data 28 de agosto de 2015, se lle notificou a don Juan Gregorio xxxxx e dona Vanesa xxxxx que, tendo en conta a Ordenanza reguladora da expedición do carné para a venda nos mercados – feiras de Boqueixón, de non montar o seu posto por cuarto domingo de feira consecutivo ou non xustificar as súas ausencias, se procedería a retirarlle a autorización para a venda ambulante na feira de Lestedo.

As citadas notificacións foron devoltas polo servizo de correos por destinatario desconocido e ausente do reparto, motivo polo cal se publicou no BOE nº 221 do 15 de setembro de 2015 o anuncio da resolución adoptada.

Con data do 8 de outubro de 2015 notificouse a don Juan Gregorio xxxxx e dona Vanesa xxxxx o acordo adoptado en Xunta de Goberno de data 1 de outubro de 2015 para a retirada definitiva das súas autorizacións para a venda ambulante na Feira de Lestedo. De novo, estas notificacións foron devoltas a esta entidade polo servizo de correos por ausentes do reparto.

Por necesidade de reestructuración da feira, co fin de facilitar a incorporación á feira de postos de grandes dimensións, necesidades específicas de ubicación e previamente consensuado co feirante don Daniel xxxxx directamente afectado, considerase oportuno o seu cambio de ubicación para o posto vacante nº 54.

Con rexistro nº 15/1796 do día 17 de setembro de 2015 douselle entrada neste concello á documentación relativa á solicitude de autorización de venda ambulante para novo posto para don Francisco Javier xxxxx con DNI: xxxxx na Feira – mercado de Lestedo.

Con rexistro nº 15/2153 do día 12 de novembro de 2015 douselle entrada neste concello á documentación relativa á solicitude de autorización de venda ambulante para novo posto para dona María José xxxxx con DNI: xxxxx na Feira – mercado de Lestedo.

Unha vez revisada a documentación destas solicitudes, compróbase que a documentación presentada se axusta ós requerimentos da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia e á Ordenanza Municipal reguladora da expedición do carné para a venda ambulante nas feiras- mercados de Boqueixón, a Xunta de Goberno acorda:

- 1.- Dar por finalizado o expediente de retirada das autorizacións de don Juan Gregorio xxxxx e dona Vanesa xxxxx e dispor dos postos para adxudicar a novos feirantes solicitantes de autorización.
- 2.- Autorizar o cambio de ubicación de don Daniel xxxxx e adxudicarlle o posto nº 54.
- 3.- Autorizar ós seguintes vendedores ambulantes para instalar os postos na Feira – Mercado de Lestedo e adxudicarlle os seguintes postos numerados:

| POSTO Nº | NOME E APELIDOS        |
|----------|------------------------|
| 47       | Francisco Javier xxxxx |
| 73       | María José xxxxx       |

- 3.- Comunicar este acordo ós interesados.

### **13.Inicio expediente do Plan de Vixilancia e Control Ambiental do vertedoiro do Alto de Rubio, en Lamas**

En cumprimento da orde do 20 de xullo de 2009, polo que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, é necesario elaborar o informe anual do plan de vixilancia e control ambiental.

O modelo do informe é o que establece a referida orde no APÉNDICE XII.1 e deberá acompañarse:

- 1/ Dunha reportaxe fotográfica que reflicte a totalidade da superficie do vertedoiro e acompañado dun plano.
- 2/ Do resultado da analítica do lixiviado coa sinatura do responsábel de laboratorio.
- 3/ Do resultado das medicións da composición de biogás asinada pola empresa de control.

Con data 19 de agosto 2015, rexistro de entrada número 15/1638, recíbese un escrito da Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, no cal se comunica ao concello que se debe continuar coas tarefas de vixilancia e control ambiental do vertedoiro e presentar no mes de decembro de 2015 o informe do plan de vixilancia e control ambiental.

Por todo isto e tendo en conta que as analíticas de lixiviados e do biogás teñen que ser emitidas con anterioridade á finalización deste ano, a Xunta de Goberno acorda:

1. Solicitar ofertas para o control ambiental do vertedoiro selado R.S.U de lamas – Boqueixón aos seguintes organismos de control autorizados. Ámbito de Calidade Ambiental:

EPTISA, Servicios de Ingeniería, S.L  
Rúa Pablo Iglesias, N° 2  
15174 Vilaboa – Culleredo  
A Coruña

Fundación TECNALIA  
C/Curros Enríquez, 17 – 19  
Cambre – A Coruña

LABAQUA SA  
Delegación comercial de Santiago de Compostela  
R/ Secundino López  
15702 Santiago de Compostela (A Coruña)

IDOM , Ingeniería y Consultoría, S.A  
Avda. de Lugo 151 – 153  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

2. Comunicar este acordo as citadas empresas, para que nun prazo de 10 días naturais poidan presentar a súas ofertas, no seu caso, e publicalo na páxina web municipal.

#### **14.Rogos e preguntas**

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria

A secretaria – interventora

Visto e prace  
O concelleiro

